



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2010 18:19
Nº Rexistro: 24340
Data envío: 18/02/2010 18:19:52.253

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás posibilidades de utilización dos medios do CZCS-Fisterra tamén para a loita contra o narcotráfico.

O Centro Zonal de Coordinación de Salvamento (CZCS) localizado en Monte Enxa (Porto do Son) dispón de medios que lle permiten manter unha importante capacidade de control do tráfico marítimo na costa galega, vinculada a labores de salvamento marítimo.

Sería posíbel, tendo en conta que Galiza é un dos puntos máis importantes de Europa na entrada de substancias estupefacientes (ilegais) por mar, dedicar os medios e instrumentos existentes (iso si, sen menoscabar o labor fundamental de defensa da vida humana no mar) tamén ao combate contra o narcotráfico, tendo en conta a capacidade de detección de embarcacións e/ou operacións sospeitosas no noso litoral.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Non considera o Goberno galego que sería positiva a asinatura dun convenio entre departamentos do Goberno español (Servizo de Vixilancia Alfandegueira e SASEMAR) a fin de mellorar a loita contra o narcotráfico na costa galega?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

2.^a) Non cre que tamén desde a perspectiva do salvamento marítimo se optimizarían os recursos?

3.^a) Ten previsto, en consecuencia, demandar esta actuación do Goberno español?

4.^a) En caso positivo, en que prazo e a través de que vía?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 18/02/2010 18:15:31